



O descanso
na Pré-história
e na Idade
Média

TODOS OS SERES DORMEN OU REPOUSAN

Enrique Alcorta

(Departamento de Arqueoloxía/Historia)

Todos os seres dormen ou repousan, segundo os modos da súa especie. E o home, nos primeiros albores da súa evolución, faríao ao xeito dos grandes primates, directamente sobre as ramas das árbores ou á intemperie, sen outra protección. En sucesivos estados de evolución, de camiño cara a formas culturais máis complexas, encontrámonos ante grupos de cazadores nómades, en movemento, que podían asentarse de xeito temporal ben en covas ben en pequenos poboados de estruturas moi rudimentarias.

En estado de evolución, así como polo seu carácter nómade e polo seu baixo nivel de tecnificación, cabe supoñer que os seus elementos mobiliarios eran máis ben escasos ou podían conseguirse doadamente nos traslados. Elementos, lóxicamente, tomados do seu ámbito inmediato, de natureza vexetal ou animal. Dado que estes son elementos de carácter perecedoiro, son poucos os restos que chegaron ata nós deste mobiliario. Para recompoñelo hai que recorrer a algúns indicios achegados polas intervencións arqueolóxicas e, en segundo termo, á antropoloxía comparada, así como a determinadas analíticas técnicas, paleobotánicas e paleozoolóxicas principalmente.

A partir destas fontes podemos intentar unha aproximación a como serían os seus cuartos e, no concreto, os seus "dormitorios". Como leito terían o mesmo chan, sinxelas acumulacións de materia vexetal branda, tipo follas ou ben peles. Con iso conseguían, substancialmente, o illamento do chan e certa "comodidade" mellorada se é o caso, pola disposición dos leitos nas partes máis protexidas da cova. Por outra parte, os peches das cabanas proporcionarían unha mínima protección no mesmo sentido.

Como protección contra o frío, esencialmente intenso nas épocas de glaciación, utilizarían, como parece lóxico pensar, as peles dos animais que cazaban. Non se pode deixar de lado, sobre todo a partir dos últimos momentos do Paleolítico Superior, que estes antepasados podían ter sido capaces de mellorar as condicións dos seus habitáculos mediante a manipulación e tratamento de elementos vexetais (duros e brandos), peles ou ósos cos que, por exemplo, podían ter realizado cerramentos rústicos. Por outro lado, non cabe dúbida de que por esas mesmas datas a invención e o control do lume melloraría as condicións de habitabilidade das súas "casas".

Dende outra perspectiva, non cabe dubidar de que, como case todos os animais, e en especial os primates superiores, soñaban. Outra cousa é determinar que. Probablemente eran conscientes do concepto de "soño". Debían saber que durmir nos evade do mundo consciente pola "ausencia" de resposta a determinados estímulos exteriores, pero, que ao mesmo tempo, se seguía na "vida": durante o soño pódense mover os ollos, movementos ou fala involuntarios, signos de vida. Isto sen ter en conta que, nalgúns soños, recordados posteriormente, poden apreciarse como reais imaxes, accións ou fenómenos imposibles na vida "real".

De aquí que, probablemente, dende época moi temperá, os soños tivesen carácter máxico, visións mandadas polos deuses, aínda que fosen incompresibles. De aquí que, chegue a crear no seu momento un mundo transcendente, paralelo á súa vida cotiá real, entrando na "relixiosidade", o que o colocaría un estadio por enriba dos animais, tomando conciencia de si mesmo.

Todos los seres duermen o reposan, según los modos de su especie. Y el hombre, en los primeros albores de su evolución, lo haría a la manera de los grandes primates, directamente sobre las ramas de los árboles o a la intemperie, sin otra protección. En sucesivos estados de evolución, de camino hacia formas culturales más complejas, nos encontraríamos ante grupos de cazadores nómadas, en movimiento, que podían asentarse, de manera temporal, bien en cuevas bien en poblados en pequeños poblados de estructuras muy rudimentaria.

En estado de evolución, así como por su carácter nómada y por su bajo nivel de tecnificación, cabe suponer que sus elementos mobiliarios eran más bien escasos, o se podían conseguir fácilmente en los traslados. Elementos lógicamente tomados de su entorno inmediato, de naturaleza vegetal o animal. Dado que estos son elementos de carácter perecedero, son pocos los restos que han llegado hasta nosotros de este mobiliario. Para recomponerlo hay que recurrir a algunos indicios aportados por las intervenciones arqueológicas y en segundo término, a la antropología comparada, así como a determinadas analíticas técnicas, paleobotánicas y paleozoológicas principalmente.

A partir de estas fuentes podemos intentar una aproximación a cómo serían sus habitaciones y, en lo concreto, sus "dormitorios". Como lecho tendrían el mismo suelo, sencillas acumulaciones de materia vegetal blanda, tipo hojas, o bien pieles. Con ello conseguían sustancialmente el aislamiento del suelo y una cierta "comodidad", mejorada, en su caso, por la disposición de los lechos en las partes más protegidas de la cueva. Por su parte, los cierres de las cabañas proporcionarían una mínima protección en el mismo sentido.

Como protección contra el frío, esencialmente intenso en las épocas de glaciación, utilizarían, como parece lógico pensar, las pieles de los animales que cazaban. NO se puede dejar de lado, sobre todo a partir de los últimos momentos del paleolítico superior, que estos antepasados podían haber sido capaces de mejorar las condiciones de sus habitáculos, mediante la manipulación y tratamiento de elementos vegetales (duros y blandos), pieles o huesos, con los que, por ejemplo, podían haber realizado cerramientos rústicos. Por otro lado, no cabe duda de que por esas mismas fechas, la invención y el control del fuego mejoraría las condiciones de habitabilidad de sus "casas".

Desde otra perspectiva, no cabe dudar de que, como casi todos los animales, y en especial los primates superiores, soñaban. Otra cosa es determinar qué. Probablemente eran conscientes del concepto de "sueño". Debían saber que el dormir nos evade del mundo consciente por la "ausencia" de respuesta a determinados estímulos exteriores, pero, al mismo tiempo, se seguía en la "vida": durante el sueño se pueden mover los ojos, movimientos o habla involuntarios, signos de vida. Esto sin tener en cuenta que, en algunos sueños, recordados posteriormente, pueden apreciarse como reales imágenes, acciones o fenómenos imposibles en la vida "real".

De aquí que, probablemente, desde época muy temprana, los sueños tuvieran carácter mágico, visiones mandadas por los dioses, aunque fueran incompresibles. De aquí que, llegue a crear en su momento un mundo trascendente, paralelo a su vida cotidiana real, entrando en la "religiosidad", lo que le colocarían un estadio por encima de los animales, tomando conciencia de sí mismo.

Situámonos agora na conca mediterránea, a partir do ano 1000 aC. Mentres ao leste, Exipto, Creta e o Oriente Medio mostran civilizacións urbanas consolidadas dende moito tempo atrás, as civilizacións grega e romana atópanse en fase incipiente e o resto de Europa comeza a entrar na Idade do Ferro.

As civilizacións do Nilo e do Éufrates proporcionaron numerosos exemplos de mobiliario de dormitorio. Abonde recordar, para Exipto, as aéreas camas do tesouro de Tutankamón ou os chamados repousacabezas, coa súa curiosa forma. Por outra parte, o coñecido como Megarón da Raíña, no Pazo de Knossos, constitúe un excelente exemplo de estanzas privadas cretenses. Para Asiria, o relevo titulado de Asurbanipal xunto coa súa esposa no xardín do Pazo Peal de Nínive. Pero advertimos que fronte a estes dourados leitos, a maior parte da poboación urbana e campesiña seguiría durmindo en sinxelas esteiras téxtiles ou vexetais, con mobiliario escaso e dentro de humildes construcións. Polo demais, a Biblia cita, en diversas pasaxes, o uso de camas xunto coas súas roupas.

O mesmo debía suceder en Grecia. Mentres Hesíodo recorda, e por veces se doe, da sinxeleza e da frugalidade da vida campesiña, numerosos relevos e pinturas cerámicas, especialmente as chamadas series dos banquetes, móstrannos a deuses e heroes, principalmente varóns, deitados en leitos ou diváns xeralmente de madeira, con fondo ríxido, algúns decorados con talles e, case sempre, con coxíns e algún tipo de vestimenta. Mobles que, probablemente, fosen utilizados tamén como leitos.

Ao tempo da Grecia Clásica, no corazón de Italia, florece a cultura etrusca. Pouco se puido rescatar das súas cidades, arrasadas por Roma, pero as súas necrópoles, como a de Cerveteri, legáronnos un excelente conxunto de pinturas, relevos e esculturas nos que aparece a representación de personaxes, en diversos festíns, ou ben matrimonios, deitados en leitos que, ao igual que os gregos, poden estar decorados e nos que non falta un colchón, coxíns e cobertores tecidos xeralmente con decoración de trama xeométrica.

Roma, pola súa parte, como herdeira das tradicións grega e etrusca, manterá o mesmo tipo de mobiliario e costumes á hora de retirarse a descansar.

Nun principio, as formas debían ser moi sinxelas, familias enteiras durmindo no chan do único cuarto, en realidade o único espazo das casas e compartindo sitio con animais. Imaxe de frugalidade moi querida polos moralistas republicanos para enxalzar as virtudes dos antepasados e os vicios presentes. Non obstante, co paso do tempo, as formas refínanse. Para un romano o leito ten diversas utilidades: unha mesa de traballo que, no seu momento, se transforma en diván para comer e, ao final da xornada, unha simple cama. Basicamente, estas camas non eran senón unha armazón de madeira, con catro ou seis patas, con bastidor de corda ou de tableiros, sen cabeceira nin pés diferenciados, salvo

nos casos máis ricos. Xergón de palla ou colchón de la, almofadas e cobertores tecidos constituían o enxoval téxtil, servíndose, en ocasións, das propias togas a xeito de mantas. O luxo destes leitos, reservados ás clases máis poderosas, e tidos como auténticos obxectos de exhibición, chegou a tal punto que suscitou amplas e agres críticas dos autores moralistas cristiáns.

"É preciso desterrar das nosas camas as magnificencias superfluas: as almofadas, os cobertores recamados de ouro e de pedrería, os reposteiros preciosos, as colgaduras, os veos resplandecentes.... Non é necesario durmir nin en leitos con pés de prata... nin enriquecidos con marfil. Que o leito non estea trabado con arte exquisita. Que as súas patas sexan sinxelas e sen complicacións. Os innumerables cicelados con que os embelece a arte do torneiro serven frecuentemente de niño a insectos daniños que se esconden e que a man non pode alcanzar para destruílos". Clemente de Alexandría, citado por J. Guillén.

A expresión "revolución neolítica" parece certamente afortunada. Da relativa "inercia" paleolítica, pásase a unha rápida sucesión de transformacións culturais, económicas, sociais e de índole espiritual, fenómeno que medrará coas idades do Bronce e do Ferro.

O nómade e a recolección transfórmanse en agricultura e domesticación. De aquí o aumento demográfico, a fixación dos hábitats e a aparición conseguinte de poboados ou cidades que, en certos casos, co paso, darán lugar a algunhas civilizacións. Todo iso ten como resultado a xerarquización social, o arranque de formas económicas complexas e un sistema laboral máis tecnificado, diversificado e especializado.

A aparición da arte da carpintaría e as primitivas formas de traballo téxtil, entre outras das novidades, permiten falar xa da aparición de mobiliario e de vestidos de cama, tanto en fibras vexetais como animais, todo dentro da sinxeleza. Esta situación debeu manterse durante todo o Neolítico e durante a Idade do Bronce, con modelos máis refinados na parte oriental da conca mediterránea. No resto, as formas e estruturas económicas, case de subsistencia, non darían para grandes luxos nestas sociedades de gandaría e agricultura primitiva.

Por outra parte, e na maior parte dos casos, a estruturación interna das edificacións do momento consistía nun ámbito de cuarto único, en torno ao lume ou dividida, minimamente, en varios espazos compartidos con animais.

Un exemplo é o caso da cultura Castrexa, modelo galaico da Idade do Ferro, coas súas edificacións de planta circular. Nuns casos estas preséntanse illadas e como nun conxunto de construcións de diferente funcionalidade, reservándose unha para cuarto propiamente dito. O escaso desenvolvemento destas construcións, con diámetros en torno aos tres metros, así como a presenza do poste de soporte de teitume e o fogar adxunto, limitarían as posibilidades espaciais e determinarían a presenza de mobiliario. Na descrición que Estrabón, autor grego de principios da primeira centuria, nos ofrece dos costumes dos montañeses, isto é, dos pobos da franxa norte cantábrica, pouco despois da súa conquista, cita, entre outros costumes, os seus hábitos de durmir, sinalando brevisimamente que "o seu vestido consiste, polo xeral, nunha capa negra, sobre a que dormen no chan", acollidos en inverno á calor que podía proporcionar o fogar central. Polo demais, non se localizaron nin identificaron outros elementos deste enxoval nocturno.